



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

CONCELLO DE PORTO DO SON

Anuncio de licitación

O Concello de Porto do Son convoca licitación pública para adxudicar o contrato de execución da obra "Humanización das rúas A Roda e Atalaia".

1.- Poder adxudicador.

- Organismo: Concello de Porto do Son.
- Dependencia que tramita o expediente: Secretaría do concello.
- Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello de Porto do Son: R/ Atalaia, s/n – 15970 Porto do Son (A Coruña). Teléfono: 981 86 74 12. Fax: 981 76 73 58. Perfil do contratante <http://www.portodoson.org/index.php/2012-02-29-10-41-25/perfil-do-contratante>. Data límite de obtención de documentación e información: día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

2.- Obxecto do contrato.

- Tipo: contrato administrativo de obra.
- Descrición: execución da obra descrita no proxecto "Humanización das rúas A Roda e Atalaia".
- División por lotes: non.
- Lugar de execución: Rúa A Roda e Rúa Atalaia (Porto do Son).
- Execución e entrega: 1.- Prazo de execución: 6 meses (180 días). 2.- Lugar de entrega: Porto do Son. 3.- Prórroga: non.

3.- Tramitación e procedemento.

- Tramitación: ordinaria.
- Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios de valoración.
- Criterios de adxudicación: cláusula 15ª do Prego- tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais (BOP nº 103 do 01/06/2013).

4.- Orzamento:

- orzamento de licitación: 374.945,71 euros.
- valor estimado: 309.872,48 euros.
- IVE: 65.073,22 euros.

5.- Garantías.

- provisional: non.
- definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista.

- Clasificación: non.
- Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

7.- Presentación de ofertas: no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son nun prazo de 26 días naturais desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP da Coruña.

8.- Apertura de proposicións: cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.- Revisión de prezos: non.

10.- Control de calidade: esixible.

11.- Custos de publicidade: de conta do adxudicatario.

Porto do Son, 12 de agosto de 2013.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

